



## PODES FORMAR PARTE DO EVENTO DEPORTIVO MÁIS IMPORTANTE NO ANO 2019, TANTO TI COMO A TÚA ENTIDADE

Pontevedra será sede dos 5 Campionatos do Mundo de Tríatlon Multisport Pontevedra 2019 que concentrarán na comarca de Pontevedra a máis de 4.000 deportistas de todos os lugares do mundo.

Como parte da nosa Organización o voluntariado é fundamental, e por iso na Área de Voluntariado contamos coa organización da asociación **Oficina de Voluntariado de Pontevedra** que é unha Entidade de Acción Voluntaria que desenvolve a súa actividade dende 2007 dando soporte ás múltiples actividades deportivas que se celebran por toda a provincia.

Necesitamos preto de 600 persoas voluntarias que participen polo menos 3 días entre o **24 de abril e o 05 de maio de 2019** no evento, e con funcións variadas acorde co interese das persoas maiores de 16 anos (e ata os 99) que queiran participar como voluntarias en departamentos como secretaría, protocolo, avituallamentos, control antidopping, apoio á dirección de carreira, prensa...

Todas as persoas colaboradoras recibirán:

- FORMACIÓN “xenérica” de voluntariado e do Multisport 2019, e “específica” en idiomas técnicos, primeiros auxilios, protocolo, turismo da zona,....
- UNIFORMIDADE E EQUIPACIÓN especial para todo o voluntariado desta cita deportiva histórica.
- MANUTENCIÓN todos os días de actividade.
- COORDINACIÓN con persoas amables e divertidas sobre as que poderás apoiar a túa tarefa de voluntariado, e ás que lles poderás preguntar e resolveranche todas as dúbidas que teñas.
- SEGUROS de accidentes e de responsabilidade civil.
- ACREDITACIÓN persoal, e certificado de asistencia como persoa voluntaria ao remate dos Mundiais.
- ACTIVIDADES DE GRATIFICACIÓN para agradecer o teu tempo e dedicación, en actividades tan diversas como acudir ao cine, participar en festas especiais, ter acceso especial ás celebracións xerais dos Mundiais Multisport 2019,...

Toda axuda é benvida por iso se prefires, podemos achegarnos ao teu colectivo para facervos chegar material de difusión e/ou facer unha charla de sensibilización... contacta con nós en [oficinadevoluntariado@gmail.com](mailto:oficinadevoluntariado@gmail.com)

Moitas grazas polo teu tempo e se queres máis información podes atopala en <https://pontevedra2019.org>

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores  
Presidente do Comité Organizador  
Alcalde de Pontevedra